I CIRCUITO DE ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026

Art.1) A Federación Galega de Atletismo, co patrocinio da Deputación Provincial de Pontevedra organiza a cuarta xornada do Circuíto de Atletismo en Pista o día 28 de novembro de 2026 nas pistas do CGTD (Pontevedra).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, a partir da categoría Sub 10 (tamén os Sub 8 nados no ano 2019). Os atletas do último ano de cada categoría poderán participar nas probas autorizadas para a categoría inmediatamente superior, de acordo coa normativa vixente.

Se o número de solicitudes fora superior á capacidade organizativa, seleccionarase aos participantes utilizando os seguintes criterios:

1. Terán preferencia os/as atletas pertencentes aos clubs da provincia de Pontevedra.

2. Entre atletas da provincia de Pontevedra, terán maior preferencia os/as que non acrediten marca na proba, agás nas probas absolutas nas cales se dará preferencia as mellores marcas.

3. En caso de necesidade, realizarase un sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3) A responsabilidade das inscricións e da comunicación das baixas, salvo que sexan atletas independentes, corresponderá ao seu club.

- As inscricións serás gratuítas e realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina https://atletismorfea.es/user/login-registro ata as 20:00 horas do luns anterior á competición.

- O prazo de comunicación de baixas finalizará ás 23:59 horas do mércores anterior á competición, remitíndose estas a servizos@atletismo.gal.

Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6 € por atleta.

- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 h do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5 € por proba.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) O seguinte horario poderá ser modificado segundo necesidades:

HORARIO CONTROL 28/11/2026		
HORA	PROBA	CAT/MODALIDADE
10:00	60 mv	Abs-Sub 20-18-16 Homes
10:00	Xavelina	Abs-Sub 18-16 H-M (C)
10:00	Altura	Sub 12-10 H-M
10:00	Lonxitude	Sub 14 H-M
10:30	60 mv	Abs-Sub 18-16 Mulleres
11:10	500	Sub 10 Homes
11:20	Lonxitude	Sub 12 H-M
11:20	Xavelina	Abs-Sub 18-16 H-M (B)
11:25	500	Sub 10 Mulleres
11:40	500	Sub 14 Homes
11:55	500	Sub 14 Mulleres
12:00	Altura	Sub 14 H-M
12:10	500	Sub 12 Homes
12:25	500	Sub 12 Mulleres
12:40	Lonxitude	Sub 10 H-M
12:40	200	Abs Homes
12:40	Xavelina	Abs-Sub 18-16 H-M (A)
13:05	200	Abs Mulleres
13:30	800	Abs Homes
13:42	800	Abs Mulleres

Os atletas terán 4 intentos no salto de lonxitude (poderán reducirse no caso de moita participación).

Art.6) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA, RFEA e World Athletics.